

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de marzo de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTE:**

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día sete de marzo de dous mil cinco e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o asesor xurídico municipal, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(239).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión 14 de febreiro de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(240).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTAS NO SERVIZO DE EXPEDIENTES: 03/923/04; 01/44;11/1033;11/648.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta do xefe de sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación de Servizos de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- a) D<sup>a</sup> Laura Muras Reguera. Expte 03/923
- b) D<sup>a</sup> Elena Paz Gil. Expte 01/44
- c) D<sup>a</sup> Pilar Talledo Cerro. Expte 11/1033
- d) D. Mauro López Caride. Expte 11/648

**3(241).- SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO POR IMPORTE DE 751.265 € PARA FINANCIAR O FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO MUSEO. EXPTE. 8754/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o documento contable AD emitido por Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura do 24.02.05, conformado polo concelleiro delegado de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Outorgar á Fundación MARCO, CIF G36909885, unha subvención de 751.265 € (setecentos cincuenta e un mil douscentos sesenta e cinco euros), con cargo á partida 4510.489.00.03 “Aportación á Fundación MARCO” do actual presuposto municipal (o prorrogado do exercicio económico 2003), como cota do Concello para cubrilos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

2º.- A xestión da subvención á Fundación Marco, harmonízase coas condicións establecidas para a subvención de outras fundacións impulsadas polo Concello de Vigo.

1.- Forma de pagamento:

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Marco do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2005, a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-78-0040277917, do seguinte xeito:

- a) unha primeira parte, por importe de 250.422 € antes do 30 de marzo de 2005
- b) unha segunda achega, por importe de 250.422 € antes do 30 de xullo de 2005
- c) e unha terceira parte, por importe de 250.421 € en novembro de 2005

2.- Documentación para tramitalos pagamentos:

Para cada unha das achegas:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención (presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados.

Para o trámite da segunda achega:

Ademais do sinalado no párrafo anterior, deberá acreditarse a achega da documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación Marco relativo á liquidación do orzamento ordinario, situación patrimonial da entidade, etc.

Liquidación da subvención:

Para a liquidación do último pagamento da subvención presentárase a seguinte documentación antes do 30 de outubro de 2005:

- a) Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
  - Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).
  - Memoria de prensa.
  - Relación definitiva de ingresos e gastos
  - Detalle do balance económico das actividades e funcionamento.

Con cada solicitude de pagamento a Fundación Marco presentará dez exemplares do material que edite ou produza de cada unha das actividades. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo. No caso de que a actividade programada dispoña de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por unha entidade distinta ao Marco, o Museo achegará tres exemplares a Concellaría de Cultura.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionada á aprobación da memoria anual por parte da Xunta de Goberno Local, despois dos informes técnicos necesarios.

**4(242).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2005. EXPTE. 8771/331.**

Mediante escrito de data 2.03.05, en cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, Ignacio López-Chaves Castro, da conta á Xunta Local de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de febreiro de 2005, e que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: CULTURA    FUNCIONAL: 4510

CONCEPTO.- Vixilancia na Biblioteca Central para ampliación de horarios na época de exames.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8713/331	27/01/05	2270100	3046	6.532,88 euros	Serramar S.L. (C.I.F: B11066586)

CONCEPTO.- Adquisición de agasallos con motivo da celebración do XLI Concurso-Exposición da Camelia.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8722/331	02/02/05	2260100	3244	6.390,00 euros	Joyería Ramón Fernández S.A. (C.I.F.: A366597469)

CONCEPTO.- Contratación de asistencia técnica de apoio á comunicación do Departamento de Cultura.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8721/331	02/02/05	2270600	3245	12.000,00 euros	M. Pilar Martínez Vázquez (N.I.F.: 36141145A)

CONCEPTO.- Mantemento das instalacións de calefacción da Casa das Palabras.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8720/331	02/02/05	2130001	3032	7.856,00 euros	Celtgas S.L. B36168086 (C.I.F.:

CONCEPTO.- Programa cultural “Coñece os teus museos”.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8726/331	03/02/05	2260801	3324	9.148,50 euros	Autna S.L. (C.I.F.: B36713089)
			3325	4.505,44 euros	Van Divulgación Cultural S.L. (C.I.F.: B36917201)

CONCEPTO.- Contratación de deseño e produción de material gráfico e sinalética para o XLI Concurso-Exposición da Camelia.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8729/331	08/02/05	2260200	4313	10.814,68 euros	Canal Uno Comunicación S.L. (C.I.F.: B36723450)

CONCEPTO.- Adquisición de pins para a XLI edición do Concurso-Exposición da Camelia.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8734/331	11/02/05	2260100	4049	3.832,64 euros	Raúl Álvarez Fernández (N.I.F.: 36085949F)

CONCEPTO.- Contratación da produción técnica para o IV Festival Alternativo de Teatro e Danza.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8745/331	17/02/05	2260803	5860	11.990,05 euros	Producción e Xestión Cultural S.L. (C.I.F.: B36743755)

CONCEPTO.- Contratación da produción técnica para o XLI Concurso-Exposición da Camelia.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8744/331	17/02/05	2260801	2387	11.991,44 euros	Producción e Xestión Cultural S.L. (C.I.F.: B36743755)

CONCEPTO.- Contratación de insercións de anuncios en prensa escrita para o XLI Concurso-Exposición da Camelia.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8743/331	17/02/05	2260200	4465	4.452,08 euros	Canal Uno Comunicación S.L. (C.I.F.: B36723450)

CONCEPTO.- Retirada das xardineiras da fachada e reparación de humidades na Casa Galega da Cultura.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8742/331	17/02/05	2120000	4438	2.876,70 euros	Oreco S.A. (C.I.F.: A36614691)

CONCEPTO.- Contratación insercións publicitarias no programa "AlterArte" de Localia.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8752/331	22/02/05	2260200	6659	10.440 euros	Alberto Baamonde Bello (N.I.F.: 36095652G)

#### Acordo

A Xunta de Goberno local que da enterada.

#### **5(243).- PROPOSTA PARA A INCORPORACIÓN AO PATRIMONIO MUNICIPAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DA MADROA. EXPTE 5165/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 25.02.05, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*En virtude da adhesión do Concello de Vigo ao IV Convenio de Cooperación entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, o Pleno do Concello, acordou na sesión ordinaria celebrada o día 27/11/2003, a inclusión da obra "Construcción dun campo de fútbol de herba sintética na Madroa-Candeán" no devandito convenio.*

*Con data 25 de novembro de 2004, tras proceder ao recoñecemento das obras, comprobouse que se tiñan executado consonte co proxecto aprobado no seu día, polo que se asinou a acta de recepción desa obra e a acta de entrega e incorporación ao patrimonio municipal da mesma.*

*A asunción polo concello da xestión, mantemento e conservación desta instalación, farase ao abeiro do estipulado no convenio co R.C. Celta, SAD, dado que esta entidade será a que utilice a instalación.*

*Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

- 1) *Aprobar a acta de entrega e incorporación ao patrimonio municipal da obra "CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NA MADROA".*
- 2) *Aprobar a asunción polo Concello da xestión, mantemento e conservación desta instalación, ao abeiro do que dispoña o convenio en vigor co R.C. Celta de Vigo, SAD, coma sociedade usuaria desta instalación municipal.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar a acta de entrega e incorporación ao patrimonio municipal da obra CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NA MADROA.

2º.- Aprobar a asunción polo Concello da xestión, mantemento e conservación desta instalación, ao abeiro do que dispoña o convenio en vigor co R.C. Celta de Vigo, SAD, coma sociedade usuaria desta instalación municipal.

### **6(244).- SOLICITUDE DA A.VV. CAMIÑO VELLO DE COIA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O DÍA DO DEPORTE EN COIA O 13.03.05. EXPTE 5141/333**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe proposta do Director Deportivo do IMD, conformado pola Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a A. VV. Camiño Vello de Coia a celebrar o vindeiro día 13 de marzo de 2005, unha nova edición do Día do Deporte en Coia que esta previsto que se desenvolva na Avda. de Castela, na zona comprendida entre as rúas Porriño e Tomas Paredes, entre as 09:00 h. e as 14:30 h. .

### **7(245).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE MAIO A DECEMBRO DE 2004 E XANEIRO DE 2005. EXPTE 3031/077.**

Mediatne escrito de data 23.02.05, cumprindo coa base 31ª das Bases de Execución do Presuposto Municipal 2003 e 2005 do Concello de Vigo, a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, dá conta dos expediente de gasto menor tramitados polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante os meses de maio a decembro do pasado ano 2004, así coma no mes de xaneiro de 2005, e que son os seguintes:

Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
2284/077	Autorización de contrato menor para adquisición de papelería do Proxecto ALICERCE	Publitia, S.L.	1.274,84 €
2285/077	Autorización de contrato menor para difusión do Proxecto ALICERCE	Publitia, S.L.	2.100,76 €
2310/077	Autorización de contrato menor para gastos diversos da Escola Obradoiro Mar de Vigo II	Varios	2.500,00 €

2311/077	Autorización de contrato menor para adquisición de vestuario para a Escola Obradoiro Mar de Vigo II	Varios	400,00 €
2319/077	Contratación dunha asistencia técnica para o mantemento da intranet (base de datos) e páxina Web do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego	Alen Multimedia S.L.L.	1.392,00 €
Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
2320/077	Contratación de seguros para as embarcacións da Escola Obradoiro Mar de Vigo II.	Mapfre Seguros Winterthur	660,00 € 303,74 €
2336/077	Autorización de contrato menor por edición de anuncio de selección de expertos docentes-titores do proxecto ALICERCE.	Publitalia, S.L.	352,64 €
2376/077	Autorización de contrato menor para reposición de vestuario da 2ª fase da E.O. Mar de Vigo II	Varios	1.110,00 €
2384/077	Autorización de contrato menor para adquisición de material de oficina para a E.O. Mar de Vigo II	Varios	1.000,00 €
2385/077	Autorización de contrato menor para adquisición de suministros para a 2ª fase da E.O. Mar de Vigo II	Varios	2.000,00 €
2386/077	Autorización de contrato menor para adquisición de prensa, libros... para a 2ª fase da E.O. Mar de Vigo II.	Varios	1.000,00 €
2389/077	Autorización de contrato menor para gastos diversos do proxecto ALICERCE.	Varios	3.500,00 €
2394/077	Autorización de contrato menor para gastos diversos da E.O. Mar de Vigo II	Varios	2.000,00 €
2396/077	Contratación de asistencia técnica para o proxecto de Obra para a E.O. Mar de Vigo II	3DNAV INGENIERIA	3.480,00 €
2415/077	Autorización de contrato menor para os módulos de sensibilización medioambiental do proxecto ALICERCE.	Juan Manuel Rodríguez Galera	1.440,00 €
2431/077	Autorización de contrato menor para gastos diversos para o O.E. VIGOZOO II.	Varios	720,00 €
2433/077	Autorización de contrato menor para material de oficina para o O.E.VIGOZOO II	Varios	1.000,00 €
2434/077	Autorización de contrato menor para adquisición de suministros para O.E. VIGOZOO II	Varios	3.000,00 €

2435/077	Autorización de contrato menor para prensa, libros, revistas e outras publicacións O. E. VIGOZOO II	Varios	1.000,00 €
2444/077	Autorización de contrato menor de asistencia técnica para o módulo de Habilidades sociais xerenciais e Marketing dentro do Proxecto ALICERCE	Y.S.J., S.L.	2.865,00 €

Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
2445/077	Autorización de contrato menor por asistencia Técnica para o módulo de fiscal dentro do Proxecto ALICERCE	Jesús Escobar Benavides	900,00 €
2446/077	Autorización de contrato menor para asistencia Técnica para o módulo de Laboral dentro do proxecto ALICERCE	Eduardo J. Salido Blanco	450,00 €
2456/077	Autorización de contrato menor para adquisición de libros para o proxecto ALICERCE	Varios	3.000,00 €
2476/077	Autorización de contrato menor para asistencias técnicas da E. O. Mar de Vigo II	Cruz Roja Española	300,00 €
2477/077	Autorización de contrato menor para gastos varios dos cursos FIP 2004	Varios	3.000,00 €
2504/077	Autorización de contrato menor para suministro de ferramentas para a especialidade de novas técnicas de construción naval da E.O. Mar de Vigo II	Fernández & Comesaña J. Otero e Hijos S.L.	1.364,58 € 777,20 €
2512/077	Dotación de roupa de traballo para os obradoiros de carpintaría, construcións e xardinaxe da 1ª fase do O.E. Vigozoo II.	PEYCAR, S.L.	5.724,14 €
2521/077	Seguros para os alumnos/as dos cursos do Plan FIP 2004	Vigo-Lustres Seguros Generales, S.L.	293,25 €
2533/077	Contratación de subministro de materiais para a especialidade de novas técnicas de construción naval da E.O. Mar de Vigo II	DISGAL, S.L.	1.143,48 €
2685/077	Contratación do rótulo do Proxecto ALICERCE	FARO CARIDE S.L.	227,36 €
2691/077	Autorización de contrato menor gastos diversos para O.E. VIGOZOO II	Varios	4.000,00 €
2692/077	Autorización de gasto menor para adquisición de vestiario para o O.E. Vigozoo II	Varios	275,86 €



2694/077	Contratación de tableiros para a especialidade de novas técnicas de construción naval da E.O. Mar de Vigo II.	PAZOS MIGUEZ S.L.	717.81 €
2707/077	Contratación dunha avaliación externa intermedia para o Proxecto ALICERCE	DEX, S.A.	10.793,80 €
Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
2708/077	Autorización de contrato menor para gastos diversos da E.O. Mar de Vigo II	Varios	4.000,00 €
2709/077	Autorización de contrato menor para suministros para a E.O. Mar de Vigo II	Varios	800,00 €
2710/077	Autorización de contrato menor para adquisición de materiais informativos en materia de sinalización de riscos	Varios	969.47 €
2717/077	Autorización de contrato menor para adquisición de batas para o itinerario de lecer dentro do proxecto ALICERCE	Emprogal	150.60 €
2722/077	Edición de materiais de difusión do Plan Municipal de Emprego 2004-2007	Continuoprint Digital S.A.	7.331,04 €
2754/077	Adecuación a normativa de prevención de riscos laborais da maquinaria da especialidade de carpintería do O.E. VIGOZOO II.	GAMATÉCNOIBÉRICA, S.L.L.	4.231,61 €
2756/077	Contratación de subministro de materiais para a especialidade de novas técnicas de construción naval da E.O. Mar de Vigo II	DISGAL S.L.	6.546,27 €
2763/077	Contratación da elaboración, edición e maquetación dun tríptico do PROXECTO ALICERCE	Continuoprint digital S.A.	610,82 €
2765/077	Asistencia Técnica do módulo “Marco xurídico legal das drogodependencias” do itinerario de “ Adicions e conductas de risco” dentro do Proxecto ALICERCE	Sonia Fernández Villar	2.088,00 €
2766/077	Autorización de contrato menor para mantemento das instalacións da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego	Varios	150, 00 €
2767/077	Contratación de elementos de seguridade na maquinaria estacionaria de carpintería de ribeira da E.O. Mar de Vigo II	A. M. Costa Iglesias	1.175, 60 €

2776/077	Autorización de contrato menor para adquisición de pequenos suministros para o bo funcionamento do Obradoiro de Emprego Vigozoo II	Varios	4.500,00 €
2777/077	Autorización de contrato menor gastos diversos do O.E. VIGOZOO II	Varios	4.100,00 €
2785/077	Contratación da realización de tomas en video para a E.O. Mar de Vigo II	Rom video dixital, S.L.	696,00 €
2789/077	Autorización de contrato menor para adquisición de vestiario para os novos alumnos da E.O. Mar de Vigo II	Varios	1.300,00 €
2790/077	Autorización de contrato menor para gastos diversos da E. O. Mar de Vigo II.	Varios	1.800,00 €
2793/077	Autorización de contato menor para pago de desprazamentos para os técnicos de mediación intercultural do concello de Vilaboa dentro do programa de Actividades do Proxecto ALICERCE	Varios	20,00 €
2794/077	Asistencia Técnica do seminario “Entidades promotoras de iniciativas sociais e as súas diferentes formas xurídicas” do itinerario de “Mediación Intercultural” do proxecto ALICERCE	ALGALIA S. COOP. GALEGA	300,00 €
2819/077	Autorización de contrato menor para a asistencia técnica do Seminario “A Comunidade Africana” do Proxecto ALICERCE	Ibrahima Niang	835,20 €
2851/077	Autorización de contrato menor para adquisición de material de oficina para O.E. VIGOZOO II	Varios	1.000,00 €
2852/077	Autorización de contrato menor de suministro para o O.E. VIGOZOO II	Varios	1.500,00 €
2861/077	Dotación de material para as especialidades de carpintería, construción e xardinaxe da 1ª fase do O. E. VIGOZOO II	VALFER, S.L.	4.547,92 €
2882/077	Autorización de gasto menor para a adquisición de vestiario para o Programa BIAL	PEYCAR, S.L.	8.999,98 €
2899/077	Autorización de contrato menor para gastos en comunicación e correos.	<u>Varios</u>	<u>300,00 €</u>
2908/077	Autorización de contrato menor para material de Formación Programa BIAL	Varios	12.000,00 €

2909/077	Autorización de gasto menor para vestuario en Programas de Empleo	Varios	12.000,00 €
2911/077	Autorización de contrato menor por mantemento das instalacións	Varios	2.350,00 €
2912/077	Adquisición de pintura para Programas de Empleo	Varios	12.000,00 €
Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
2913/077	Autorización de gasto menor para adquisición de material de construcción para Programas de Empleo	Varios	12.000,00 €
2914/077	Contratación do stand e participación no salón do emprendedor do Atlántico 2005	Varios	12.000,00 €
2962/077	Autorización de contrato menor para adquisición de suministros diversos para a E.O. Mar de Vigo II.	Varios	4.000,00 €
2963/077	Autorización de contrato menor para adquisición de material de oficina para a E.O. Mar de Vigo II	Varios	1.000,00 €
2964/077	Autorización de contrato menor para subministros para a E. O. Mar de Vigo II	Varios	3.000,00 €
2966/077	Autorización de contrato menor para adquisición de material de oficina para o servizo de Orientación laboral dentro da Concellaría de Desenvolvemento Local e Empleo.	Varios	1.500,00 €
2967/077	Autorización de contrato menor para adquisición de prensa, revistas, libros e outras publicacións para o servizo de Orientación laboral dentro da Concellaría de Desenvolvemento Local e Empleo	Varios	1.400,00 €
2968/077	Autorización de gasto menor para asistencia técnica para o curso de monitor de tempo libre do Proxecto ALICERCE	Escola de Tempo libre PASPÁLLÁS	10.461,55 €
2981/077	Reserva de crédito para gastos varios do Programa de Actividades do "Proxecto ALICERCE"	Varios	4.000,00 €
2985/077	Contratación do servizo de limpeza nas instalacións da E.O. Mar de Vigo II	Universal Cleaning Activities Única S.L.	2.906,50 €
2987/077	Contratación da Formación inicial específica de obras para o Programa BIAL	Fundación Laboral da Construción	11.990,00 €
2988/077	Curso de Prevención de riscos laborais para o Programa BIAL	Fundación Laboral da Construción	3.500,00 €

2990/077	Contratación de unha avaliación externa final do Proxecto ALICERCE	DEX Desarrollo de estrategias exteriores, S.A.	10.793,80 €
2991/077	Autorización de gasto menor para adquisición de material de oficina para o O.E. VIGOZOO II	Varios	1.000,00 €
Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
2993/077	Autorización de gasto menor para gastos diversos para o O.E. VIGOZOO II	Varios	5.000,00 €
2995/077	Contratación de suministro de tecido para confeccionar velas para a E.O. Mar de Vigo II	<u>VELAS GÁNDARA S.L.</u>	3.766,38 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

#### **8(246).- PROXECTO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO, FASES 1 E 2. EXPTE. 11148/444.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do coordinadora da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

*O presente proxecto nace co obxectivo principal de garantir e racionalizar o aproveitamento da sección transversal da Travesía de Vigo, así como de mellorar a deficiente execución dalgúns dos pavimentos actuais da rúa, en especial da zona de beirarrúas.*

*Con obxecto de facilitar a execución das obras se plantexa realizar esta en dúas fases, que constitúen cada unha independentemente da outra, obra completa. A extensión das devanditas intervencións resúmese:*

- *FASE 1, corresponde ao tramo de Travesía, entre Bailén e o calexón situado á altura do número 138 da propia Travesía de Vigo.*
- *FASE 2, que se estende dende o devandito calexón ata o cruce con Numancia.*

*Coma criterios fundamentais da actuación, avánzase a execución dunha ampliación das beirarrúas de case 2 metros de media, sobre a calzada, reducindo a amplitude transversal da calzada dende os nove metros de media, ata os sete aproximadamente.*

*Asúmese como dato de partida, a non afección á liña da mediana central axardinada e tampouco sobre a superficie pavimentada da calzada nos sete metros máis próximos á mediana.*

*En canto a funcionalidade, a configuración definitiva da rúa é idéntica á actual, dado que non se reduce o número de carrís destinados á circulación rodada; simplemente se executa unha mellor organización da sección transversal co obxecto de eliminar os sobreaños actuais, que permiten o aparcamento en dobre fila, e reducen a anchura das beirarrúas.*

*Os materiais utilizados para a pavimentación responden a criterios de calidade e eficiencia, con profusión de elementos de granito. Para elo adoptáronse bordes de granito acabado flameado elevados de 20 cm. de anchura para a delimitación das beirarrúas, e recercados de losas de granito acabado flameado de 80x40 cm. para a delimitación de alcorques, que se sitúan en media cada seis metros. A pavimentación da beirarrúa resólvese entre os*

*devanditos recercados mediante pezas de terrazo de alta calidade acabado abuxardado de 60x40 cm. Trátase dun pavimento que garante unha boa conservación e mantemento, unha transitabilidade moi cómoda e que por outro lado ofrece posibilidades estéticas e funcionais.*

*Para os aparcamentos, dársenas de bus e espacios para contenedores, selecciónase un pavimento de adoquín de formigón. Nos vados de carruaxes o firme estará formado por pavimento de taco de granito con superficie flameada de dimensións 14x14x10 cm.*

*O estancial na intersección de Travesía de Vigo con Mestre Chané trátase dunha maneira diferenciada, óptase por un pavimento de adoquín de formigón prefabricado de varias cores disposto de maneira radial entorno á glorieta, formando bandas delimitadas por circunferencias de dobre liña de taco de granito acabado flameado de 14x14x10 cm. Asimesmo se disporá dunha banda axardinada que delimite e separe o estancial respecto á calzada da glorieta.*

*Complementariamente se intervén sobre a rede de saneamento, sustituíndo os colectores laterais de acometida de edificacións. A recollida de pluviais mellórase, instalando colectores específicos para a recollida de pluviais, e mellorando o número e disposición de sumideiros, así como dispoñendo caces y rigolas, tanto nas zonas de separación calzada-aparcamentos, como na propia beirarrúa. Tamén se intervén sobre o servizo de alumeado público, aumentando o número de báculos existentes, modificando a súa disposición e reducindo a potencia das lámparas co obxecto de mellorar a uniformidade do alumeado. O resto dos servizos consérvanse salvo as puntuais afeccións polo desvío de servizos urbanos existentes, imprescindibles para a execución das obras.*

*Contémplase no presente proxecto o amoblamento do tramo con papeleiras, bancos e fontes.*

*En canto aos contenedores, o proxecto reserva espacio para eles, ben como prolongación de áreas de aparcamento e dársenas de bus, ou ben delimitando con bordillo illas para contenedores cando é estrictamente necesario.*

*Remítase o citado proxecto a Xunta de Goberno Local coa seguinte PROPOSTA:*

- Aprobar o proxecto de remodelación de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo, Fases 1 e 2, na cidade de Vigo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade do precedente informe proposta, acorda:

Aprobar o proxecto de remodelación de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo, Fases 1 e 2, na cidade de Vigo.

### **9(247).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIAS QUE SE REALIZARÁN NO EXERCICIO 2005. EXPTE.1423/335**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.02.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e A.Sociocultural, do 25.01.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se transcriben e anexos obrantes no expediente, de convocatoria de subvencións para actividades socioculturais realizadas durante o exercicio 2005.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 100.000.-€, con cargo á partida 451.2.489.00.00 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, para atender as solicitudes presentadas ó abeiro desta convocatoria.

**BASES DE CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2005.**

Primeiro.-

En virtude do establecido no artº 28 da Lei de Bases do Réximen Local e disposicións concordantes, a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva destinadas a programas e actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo durante o exercicio do 2005.

Segundo.-

A contía da presente convocatoria ascende a 100.000 €, con cargo á partida 451.2.489.00.00 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural.

Terceiro.-

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende a súa publicación no Diario Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cuarto.-

As solicitudes presentaránse no modelo que se engade como Anexo II, xunto coa documentación requirida nas bases destas subvencións.

Quinto.-

O prazo para a execución das actividades subvencionables será ata o 31 de setembro de 2005.

Sexto.-

Aprobanse as Bases que se relacionan no Anexo I e que rexerán a convocatoria de subvencións destinadas a programas e actividades de ámbito sociocultural, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**ANEXO I**

**BASES QUE REXIRAN AS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS**

**PRIMEIRA .- OBXECTIVOS**

A presente convocatoria pública de subvencións terá como principais obxectivos:

- 1) Apoiar os programas e actividades socioculturais realizados por entidades ou particulares que complementen a programación e os servizos municipais neste ámbito e que se realicen con carácter público en Vigo .
- 2) Favorecer o desenvolvemento de programas e actividades que contribúan á recuperación ou potenciación das tradicións locais no ámbito cultural e festivo.
- 3) Estimular a participación da cidadanía e dos diversos axentes socioculturais locais.

## SEGUNDA.- TIPOLOXÍAS

Os programas e actividades subvencionables deberán encadrarse dentro das seguintes tipoloxías:

- 1) Programas socioculturais xerais.
- 2) Programas socioculturais específicos: música, teatro, danza e artes plásticas.
- 3) Festas populares e tradicionais.

## TERCERA.- BENEFICIARIOS:

1.- Poderán ser beneficiarios destas subvencións:

- 1) As asociacións, comisións de festas e outras realidades asociativas sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións a data de presentación da solicitude e que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.
- b) As persoas físicas con domicilio no termino municipal de Vigo e que se atopen empadroadas no Concello, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

2.- Non poderán acollerse a estas bases de convocatoria os seguintes tipos de solicitantes:

- 1) As asociacións e entidades exclusivamente deportivas de carácter federado.
- 2) As persoas físicas e xurídicas con ánimo de lucro
- 3) As administracións públicas, así como as entidades ou departamentos que dependan directa ou indirectamente delas, orgánica ou orzamentariamente.

## CUARTA: CRITERIOS DE VALORACIÓN.

1.- As solicitudes de subvención poderán ser desestimadas con base en:

- 1) Que a entidade solicitante e o proxecto de programación teña unha relación máis específica con outras áreas do Concello: deportivo, benéfico-social, educativo, promoción turística, xuvenís, muller, medio ambiente...
- 2) Que o proxecto inclúa actividades docentes previstas nos planos de ensino vixentes, as propias dos clubs deportivos ou as de carácter político e doutrinal de signo partidario ou confesional.
- 3) Que o proxecto inclúa os gastos xerais das entidades ou persoas solicitantes relativos á administración, xestión, funcionamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugamento do local social.
- 4) Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado nas presentes bases, calquera que sexa a causa do retraso.
- 5) Que a entidade non presente a documentación requirida e nos prazos estipulados nas presentes bases, ou non cumpra os requisitos esixidos.
- 6) Que se considere que o proxecto de programación non reúne unhas condicións mínimas de interese, baseándose nos criterios de adxudicación estipulados anteriormente.

2.- Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes e puntuaranse ata un máximo de 5 puntos cada un deles:

- a) Calidade do proxecto e adecuación ós obxectivos recollidos na cláusula primeira das bases.
- b) Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector e número de poboación beneficiaria, interese sociocultural, incorporación de actividades innovadoras.
- c) Formas de financiamento dos proxectos e achegas económicas dos solicitantes, patrocinios, etc.. Valorarase o maior investimento de recursos propios do solicitante nos distintos proxectos

presentados, así como a infraestrutura, equipamento e recursos con que conta a entidade para o devolvemento do proxecto.

- 4) Antigüidade e posibilidades de continuidade do programa ou actividade en anos sucesivos. Experiencia acreditada na realización de propostas de similar natureza á que se presenta.
- 5) Os resultados obtidos polos solicitantes en anteriores subvencións outorgadas polo Concello de Vigo. Restaranse 3 puntos ás entidades ou persoas físicas ou xurídicas que non tivesen xustificado a subvención relativa á convocatoria do exercicio anterior.

#### QUINTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

1.- As solicitudes de subvención dirixiranse a Ilma. Sra. alcaldesa e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.

Durante todo este período e co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrência, as bases serán publicadas nos medios de comunicación local e atoparanse expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Rexistro Xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.

2.- Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta en todos os Modelos que figuran no Anex II (solicitude, proxecto/s de programación/s e ficha xeral da entidade), e achegar a seguinte documentación :

- 1) Fotocopia compulsada do CIF ou NIF das ou dos solicitantes, segundo proceda.
- 2) Certificación bancaria: incluirá o/a titular e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.
- 3) Certificacións de estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta e Axencia Estatal de administración Tributaria.
- 4) Orzamento detallado de gastos e ingresos do proxecto presentado.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

#### SEXTA.- TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E XESTIÓN DAS SUBVENCIONS.

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvención convocadas correspóndelle o departamento de Festas e Animación Sociocultural

2.- Recibidas as solicitudes, procederase ó estudio destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requirido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende a recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimará a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido a Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado de Festas e Animación Sociocultural que actuará como presidente, a técnica do departamento de Festas e Animación Sociocultural e o asesor xurídico da Area.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire o Párrafo 1º da Base Cuarta e valorando as restantes solicitudes, conforme o establecido no Párrafo 2º da mesma Base.

4.- A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de Avaliación da Concellaría de Festas e Animación sociocultural.

5- As subvencións outorgadas polo concello ós proxectos presentados ó abeiro desta convocatoria non poderán exceder do 50% do custo definitivo da actividade á que se aplique.



#### SÉTIMA.- OBRIGACIONES:

1.- Os/as solicitantes de subvencións quedan obrigados/as a:

- 1) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 2) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- 3) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 4) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención .
- 5) Estar ó corrente nos pagamentos ó Concello de Vigo, así como nos das restantes obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.
- 6) Responder legalmente da veracidade dos datos expostos na solicitude e na documentación presentada.
- 7) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.
- 8) Someterse o seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións.
- 9) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados, a participación da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- 10) Se no financiamento interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.
- 11) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellaría de Festas e Animación Socio-Cultural estudiará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

#### OITAVA.- COMPATIBILIDADE

A concesión de subvencións ó abeiro da presente convocatoria será compatible con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas, sempre que o seu importe global das mesmas non supere o custo total do programa ou actividade obxecto da subvención.

#### NOVENA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

1.- O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria e tramitarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa:

- a) Solicitude de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación da actividade ou programa subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
  - Datos sobre os participantes na actividade: número, perfil, etc.
  - Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
  - Memoria de prensa.
  - Relación detallada de ingresos e gastos.
- c) Balance económico das actividade

Gastos: Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida.

*Neste sentido, non se admitirán facturas duplicadas, nin aquelas que non reúnan as condicións esixidas polo art. 6 do R.d. 1496/2003 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumben a empresarios e profesionais.*

*Os efectos do pago da subvención polo Concello considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquer documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nesta convocatoria e respondan á natureza da actividade subvencionada.*

*\*Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por todos os tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención ; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.*

- d) Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*
- e) Calquera outro que sexa solicitado polo Concello.*

*2.- A solicitude de pagamento das subvencións concedidas deberá terse presentada no Rexistro Xeral do Concello con data límite de 10 de decembro.*

*3.- Procedera, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. A resolución da redución das axudas será competencia da Concelleira/o Delegado de Festas e Animación Sociocultural. Asemade, reduciráse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores a os subvencionados, ou se obtuésen ingresos superiores a os previstos*

#### **DÉCIMA- REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR**

*1.- Procede a revogación das subvencións concedidas en caso de:*

*a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concurrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis o correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis.*

*b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.*

*2.- O beneficiario poderá renunciar voluntariamente a subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*

*3.- Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexerese polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas no Título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro LRX-PAC, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e disposicións de desenvolvemento.*

*4.- Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

**DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE**

As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado, supera os 3.0, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresarase o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

**DECIMO SEGUNDA.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCION.**

O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

**DECIMO TERCEIRA.- DISPOSICIÓN FINAIS**

1.- O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2.- En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.

**10(248).-RECUPERACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO POLA INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE DE FLORES NA RÚA GROVE ESQUINA RÚA CAMBADOS (ALCAMPO). EXPTE 70324/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 1.03.05, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

*En data 10 de xaneiro de 2005, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte Acordo:*

- “ - Iniciar expediente de recuperación do dominio público ocupado ilegalmente e carecendo da preceptiva licenza municipal por D<sup>a</sup>. Purificación Gándara Miranda con D.N.I. 35909945 e D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo con D.N.I 53177401, coa instalación de dous postos de venda de flores na rúa Grove esquina rúa Cambados, diante do hipermercado Alcampo, entorpecendo a libre circulación de peóns e co conseguinte risco que se deriva para a seguridade vial.*
- Conceder a D<sup>a</sup> Purificación Gándara Miranda e a D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo trámite de audiencia durante un prazo de 10 días hábiles contados a partir da recepción da presente notificación para que formulen as alegacións que estimen pertinentes ó seu dereito.”*
- O citado Acordo foi notificado a D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo en data 31 de xaneiro de 2005 e a D<sup>a</sup> Purificación Gándara Miranda en data 3 de febreiro de 2005.*
- Durante o prazo conferido ao efecto foron presentadas alegacións por ambas as dúas interesadas co seguinte contido:*

*D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo manifesta que o espazo que ten destinado á venda de flores o ven ocupando dende hai máis de 23 anos, acompaña firmas de clientes e engade que é o seu único medio de traballo e que si a zona na que está situada non é a máis adecuada se lle permita situarse noutra zona cercana*

*Dª Purificación Gándara Miranda manifesta que o espazo que ten destinado á venda de flores o ocupa dende hai máis de 23 anos e que nunca cambiou de lugar, estando ao corrente no pago de impostos tanto fiscais como autonómicos. Acompaña firma dos clientes e manifesta que é o único medio de vida e solicita que se lle permita continuar realizando a actividade*

- *Considerando que de conformidade co disposto na vixente Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos, non se prevé nin figura recollido a posibilidade de autorizar a venda de flores na vía pública salvo en zonas concretas entre as cales non se atopa a rúa Grove nin a rúa Cambados.*
- *Considerando que se trata dunha ocupación ilegal de dominio público que veñen realizando Dª Purificación Gándara Miranda, con D.N.I 35.909.945 e Dª Josefa Vázquez Carballo, con D.N.I 53.177.401, sen ningún tipo de autorización municipal e que ademais de conformidade coa documentación obrante no expediente supoñen un entorpecemento da libre circulación de persoas tanto pola beirarrúa como polo paso de peóns alí existente co conseguinte risco que se deriva para os mesmos.*
- *Considerando que non figura nos arquivos municipais que fora concedido a Dª Purificación Gándara Miranda nin a Dª Josefa Vázquez Carballo ningunha autorización para a ocupación de dominio público nin no momento actual nin con anterioridade, nin tampouco foi presentado polas interesadas documentación algunha que acredite algún tipo de dereito para proceder á ocupación solicitada.*

*Á vista do exposto e de conformidade co disposto no art.70 e 71 do vixente Regulamento de bens das entidades locais de data 13 de xuño de 1986 e de conformidade co artigo 127 da Ley 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

- *Acordar a recuperación do dominio público ocupado ilegalmente con unhas instalacións de venda de flores, por Dª Purificación Gándara Miranda, con D.N.I 35.909.945 e por Dª Josefa Vázquez Carballo, con D.N.I 53.177401 na rúa Grove, diante do centro comercial ALCAMPO.*
- *Dese traslado do presente Acordo ás interesadas.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(249).- PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2005. EXPTE 599/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 11.02.05, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente, que di o seguinte:

*O pasado febreiro, o Servicio Provincial de Costas de Pontevedra requeriu ao Concello de Vigo, en cumprimento do artigo 111.3 do vixente Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, que antes do vindeiro día 05 de abril de 2005 remitise a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do término municipal.*

*Elaborouse unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:*

DESCRIPCIÓN	UBICACIÓN	SUPERFICIE EN M2
QUIOSCO A	Areal da Punta ( A Guía)	20
QUIOSCO B	Areal de Santa Baia	20
QUIOSCO C	Areal do Tombo do Gato	20
DESCRIPCIÓN	UBICACIÓN	SUPERFICIE EN M2
QUIOSCO D	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO E	Areal de Argazada	20
QUIOSCO F	Areal de Samil	20
QUIOSCO G	Areal de Samil	20
QUIOSCO H	Areal de Samil	20
QUIOSCO I	Areal do Bao	20
QUIOSCO K	Areal do Bao	20
ALMACEN ESCOLA NAUTICA K1	Areal do Bao	20
QUIOSCO L	Areal do Bao	20
QUIOSCO M	Areal do Bao	20
QUIOSCO N	Areal do Xunqueiro	20

*Tódolos quioscos e o almacen relacionado (14) aparecen sinalados nos Planos escalas 1:1000 do servizo de Medio Ambiente do concello de Vigo.*

*O modelo de quiosco orientativo achégase en plano de escala 1:50. Ten unha superficie pechada de 20m2 a base troncos macizos na súa construción e cuberta termochip e tegola, en sintonía co entorno natural no que se pretenden instalar.*

*No Prego de Prescripcóns Técnicas de adjudicación destas instalacións turísticas especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, asimesmo, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.*

*Observouse en tódolos casos, a prescripcón de distancias e medidas, especificadas pola Delegación Provincial de Costas.*

#### OUTRO TIPO DE INSTALACIONES: ESTACION NÁUTICA.

*A Estación Náutica se ubicará na Praia do Vao e que contará cunha subestación para piragüismo na Praia de Samil. Para este servizo, onde se ofertarán actividades acuáticas sen motor, como vela, wind-surf e piragüismo.*

*O número de unidades que se instalarán serán as seguintes:*

- Vela-Catamarán 2
- Tablas de Windsurf 6

- *Piragüas 30 (15 Vao/15 Samil).*

*Para que o material poida ser recollido tódolos días, co gallo de minimiza-la interferencia con outros usos comúns da praia, será necesaria a instalación de:*

- *Almacén de 20 m2 de peche, coas mesmas características de construción que os quioscos e instalado na zona de uso público que aparece sinalada no plano nº 7 coa inscrición K1 (Este almacen figura na relación de tódalas instalacións que consta neste informe).*

*A vista das anteriores circunstancias, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro de Medio Ambiente.

### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Plan de Ocupación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2005 tal e como se recolle na parte expositiva deste acordo.

2º.- Remitir antes do día 5 de abril de 2005 este Plan de Ocupación e Explotación para o ano 2005 ó Servizo Provincial de Costas.

3º.- O Concello de Vigo obrígase a esixir dos adjudicatarios a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións.

### **12(250).-RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ANTONIO MARTÍNEZ PÉREZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DE 9.08.04 DESESTIMATORIO DE SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO ROTEAS DE ARRIBA R-1 SAMPAIO. EXPTE16150/240.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 18.02.05, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*D. Antonio Martínez Pérez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de outubro de 2004, interpoñendo recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de data 9 de agosto de 2004 na que se desestimaba a súa solicitude de desafectación do Camiño Roteas de Arriba R-1 Sampaio ó non apreciarse circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da rectificación inventarial do devandito camiño.*

*O interesado, na alegación primeira do seu escrito de recurso, discute a conclusión a que chega a resolución recorrida que deduce a aparencia pública na utilización do camiño en atención a unha serie de circunstancias como son: que figura como vía pública no Inventario Municipal de bens e dereitos, estando atribuída pacificamente*

a condición de vía de uso público afecto a rede viaria municipal, que constitúe acceso público a diversas parcelas colindantes, estando reflectido no catastro municipal e dotado de servizos públicos sen ter en conta os diversos informes dos Servizos Técnicos do Concello obrantes no expediente e a vista das conclusións as que chega na alegación segunda discute os fundamentos legais nos que se apoia a resolución recorrida para rematar solicitando, en base as alegacións formuladas, que se acorde a rectificación inventarial, excluindo do Inventario Municipal de bens e dereitos o Camiño Roteas de Arriba R-1.

Os informes dos diferentes Servizos Técnicos do Concello que presuntamente apoian a tese do carácter privado do camiño, segundo o Sr. Martínez Pérez, en ningún momento fan relación o carácter público ou privado do mesmo e sen embargo todos fan constar a existencia de servizos públicos no mesmo, así:

- Informe do Sr. Arquitecto da Oficina Técnica de Patrimonio, de data 7 de febreiro de 2000, que manifesta que “cuenta con traída de auga, saneamento e está dotado de 5 puntos de luz pública”.
- Informe da Seragua – FCC, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga, de data 19 de febreiro de 2002, manifestando que “no ramal do Camiño de Rotea de Arriba en Sampaio, existe unha rede de abastecemento ..... que foi colocada sobre o ano 1.989 e suministra as vivendas que se atopan no ramal dese camiño”.
- Informe dos Servizos Electromecánicos, de data 26 de febreiro de 2002, segundo o cal existe na zona eliminación pública cuio mantemento corresponde ó Concello e a súa posta en servizo data de aproximadamente 15 anos.
- Informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 21 de abril de 2003, que se ben establece que trátase dun camiño de servidume que dá acceso a 6 vivendas produto dunha parcelación dos anos 60, añade que “no dito camiño existen os seguintes servizos: abastecemento de augas, saneamento (privado) e alumado público”.

Non consta entre a documentación achegada o expediente nin a mencionada parcelación nin a constitución da presunta servidume. Si consta unha escritura de ampliación da servidume, outorgada en escritura pública de data 31 de decembro de 1.973 por Don Antonio Martínez Pérez, Don Rogelio Martínez Pérez, Don Francisco Ferreira Pereira e Don Humberto Villaverde Lorenzo na que na Cláusula primeira consta que Don Antonio Martínez Pérez e Don Rogelio Martínez Pérez ceden unha porción de terreo das súas fincas para a ampliación do camiño que lles da acceso as mesmas e a outras na mesma situación e na Cláusula Segunda que “el camino aquí constituido soportará todos los servicios propios de una vía pública” non estando ausente, por tanto, da súa intención o dotar o camiño do carácter de vía pública, interpretación corroborada, como se verá posteriormente, polas alegacións feitas por algúns dos outorgantes desta escritura. Así mesmo na escritura de compraventa da finca de Don Antonio Martínez Pérez, de data 14 de xullo de 1.975 consta que dita finca linda polo oeste con camiño de fincas, sendo polo tanto o camiño un lindeiro da finca e non unha parte da mesma.

Na tramitación do expediente evacuouse trámite de audiencia como interesados, consonte o artigo 31 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, a tódolos veciños colindantes co Camiño Roteas de Arriba R-1 Sampaio e salvo Don Rogelio Martínez Pérez, irmán do recorrente, que manifesta que o devandito camiño é privado o resto dos comparecentes avalan o carácter público do mesmo e se opoñen a súa desafectación, así:

- Don Francisco Ferreira Pereira e Don Humberto Villaverde Lorenzo, outorgantes xunto co reclamante e o seu irmán da escritura da ampliación da servidume, manifestan ser contrarios a desafectación do carácter público do camiño e segundo o primeiro deles “este camino está catalogado por este Ayuntamiento como

*camino público, con su correspondiente placa identificativa, además de estar dotado de todos los servicios, tales como, acometida de agua, alcantarillados y alumbrado público” e conclue o seu escrito de alegacións suplicando que se desestime a petición formulada por Don Antonio Martínez Pérez de descatalogar un camiño que sempre foi considerado como público.*

- *Dona Maria Luisa Rodríguez Simón tamén formula oposición a desafectación do carácter público do camiño.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“ Desestimar o recurso de reposición interposto por Don Antonio Martínez Pérez mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(251).-RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA FRANCO MARIÑO POR DANOS SOFRIDOS POR UNHA CAÍDA A CONSECUENCIA DUNHA ARQUETA QUE NON TIÑA TAPA NO ACCESO Á PRAIA DO VAO. ESTIMADA PARCIALMENTE. EXPTE 15250/240**

examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Franco Mariño por danos persoais producidos por unha caída sufrida no acceso á praia do Vao por mor unha arqueta que non tiña tapa; visto o dictame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia, do 9.12.04, e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 24.02.05, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Estimar parcialmente a reclamación de dona M<sup>a</sup> Teresa Franco Mariño.

2º.- Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a Cespa S.A., empresa concesionaria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo RD lexislativo 2/2000 de 16 de Xuño, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na cuantía de 5.383,00 euros.

3º.- Comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no art. 59-I do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-l-i) do devandito Regulamento.

#### **14(252).-DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**



Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes emitidos por Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se detallan, xa que as obras e servizos obxecto de constitución da fianza foron realizadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

A) A M<sup>a</sup> Carmen Arenas Villaroel a fianza por importe de 364 €, constituída para responder do desenvolvemento do programa educativo “Esta é a miña fiestra”. Expte. 597/241.

B) A Movexvial S.L. a fianza por importe de 5.326,65 € constituída para responder das obras de mellora dos servizos no Barrio de Espiñeiro, recibidas mediante acta de data 20.08.01. Expte. 43844/250.

C) A Temperans & Animals a fianza por importe de 3.606,07 € constituída para responder da fianza . Expte. 15249/240.

**15(253).-RECLAMACIÓNS PREVIAS Á VIAL LABORAL PRESENTADAS POLOS BENEFICIARIOS DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL DE CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES, POR SUPOSTO DESPIDO IMPROCEDENTE. EXPTE 15630/220.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 24.02.05, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Antecedentes .*

*Con data de entrada no Rexistro xeral de 21 e 22 de febreiro de 2005, D. JUAN JOSE FERRO VAZQUEZ, D. JORGE GONZALEZ GONZALEZ , D<sup>a</sup>. PATRICIA COMESAÑA FERNANDEZ, D<sup>a</sup> MARIA DIGNA MARTINEZ SUAREZ, D. JOSE CARLOS LIBOREIRO GARCIA, D. JOSE BERGES RODRIGUEZ, D<sup>a</sup>. MARGARITA AMALIA IGLESIAS ALFONSO, D<sup>a</sup> BEATRIZ RODRIGUEZ VILA, D. ALVARO CRUCES GONZALEZ, presentan respectivas reclamacións previas á vía laboral solicitando, en semellantes terminos discursivos, que a extinción do vínculo contractual laboral derivado da expiración do propio prazo de duración establecido nos seus respectivos contratos de traballo sexa considerada por esta Administración como despido improcedente.*

*Fundamentos de dereito.*

*Os solicitantes das reclamacións anteriormente reseñadas foron contratados, baixo distintas categorías profesionais, baixo a modalidade contractual de contrato laboral de inserción ao aveiro do artigo 15.1º d) do Real decreto legislativo 1/95, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, na súa redacción dada pola lei 12/2001, de 9 de xullo.*

*As referidas contratacións realizáronse no marco dos Programas de cooperación para fomento de emprego expresamente subvencionados pola administración autonómica segundo orde de 5 de febreiro de 2004 da Consellería de asuntos sociais, emprego e relacións laborais ( D.O.G. 2.061 de 17 de febreiro de 2004 ), e trala oportuna resolución expresa da delegación provincial de Vigo da referida Consellería, de data 18 de xuño de 2004, aprobatoria da subvención concedida para o establecemento da actuación “ conservación de zonas verdes “.*

*Nesta orde de antecedentes , resulta absolutamente inveraz, como erroneamente sosteñen os reclamantes, que o obxecto concreto deste programa de inserción laboral teña unha vocación de permanencia en relación a unha obriga ou deber da administración para mante-la continuidade desta iniciativa de fomento de emprego,*

claramente dirixida a facilita-la adquisición dunha experiencia laboral dos traballadores desempregados participantes na realización das obras e servizos subvencionados , de xeito que coa mellora da súa empregabilidade poidan situarse en mellores condicións para acceder a un posto de traballo, unha vez rematada a súa participación neles, tal e coma reza literalmente a exposición de motivos da mentada Orde de 5 de febreiro de 2004.

A mera invocación dunha competencia municipal xenérica sobre o mantemento das zonas verdes carece de ningún tipo de virtualidade para xustificar que a función formativa de inserción dos beneficiarios do programa se correspondan co desenvolvemento de cometidos permanentes de postos de traballo funcionariais, pois de sosterse tal argumentación sería tanto o mesmo que afirmar que os programas de inserción laboral subvencionados pola administración autonómica e promovidos polas entidades locais terían que abranguer actuacións alleas ao ámbito competencial desas entidades locais, cando precisamente resulta por imperativo legal o contrario, logo que toda actuación municipal ten que vir lexitimada polo marco de competencias que o artigo 25 da Lei reguladora das Bases de réxime local lle reserva a estas administracións territoriais, figurando obviamente dentro deste ámbito e entre outras - como non podía ser doutro xeito - , a competencia sobre parques e xardíns, pavimentación de vías públicas e conservación de camiños e vías rurais ( letra d. do artigo 25.2 da LRBRL ).

Dito doutro xeito, a administración municipal nunca podería encadrar un programa de inserción socio laboral sobre actuacións ou materias das que non dispoña competencia substantiva e territorial.

Quede claro pois que a Administración municipal non precisa nin necesita fomentar este tipo de iniciativas sociais para garantir aos cidadáns a prestación dun debido servizo de conservación dos seus espazos públicos e zonas axardinadas , non so porque dispón dos seus propios recursos organizativos e humanos dentro do departamento municipal de parques e xardíns, senón porque a maiores ten externalizado este servizo concreto mediante unha contratación administrativa con empresa especializada ( actualmente o contratista e a mercantil CESPAS.A. ), todo elo de conformidade coa lexislación vixente de réxime local e coa propia lei de contratos das administracións públicas.

Sobre este tipo de reclamacións por despido improcedente referidas a contratos subscritos no marco de actuacións subvencionadas polas distintas administracións , a xurisprudencia do TSXG xa se ten pronunciado en distintas ocasións, por exemplo, en sentenza de 18.09.2001 ( Rec. nº. 3471/01 ) na que estimando o recurso promovido polo Concello de Vigo, razona no fundamento terceiro o seguinte ;

“ A efectos de resolver adecuadamente el tema planteado, en el segundo motivo del recurso, es conveniente hacer constar que es doctrina jurisprudencial reiterada, surgida al resolver casos en los que se discutió el controvertido tema de si son o no lícitas las cláusulas incluidas en los contratos de trabajo por obra o servicio determinado, condicionando su duración a la vigencia de un plan concertado entre un Ayuntamiento , que era el empresario en la relación discutida, y una Comunidad autónoma ( u otro organismo ), la referente a que las mismas se ajustan a lo establecido en el artículo 15.1.a) del ET, ya que no cabe duda que la singularidad que el servicio tiene respecto al Ayuntamiento que lo dispensa le confiere la autonomía y la sustantividad propia que aquellos preceptos le exigen, y la duración es, para la entidad municipal, incierta, en cuanto depende de dos factores ajenos a su voluntad : el concierto con la administración autonómica y la concesión de la correspondiente subvención ( Sentencias del TS de 23 de junio de 1997, 18 y 28 de diciembre de 1998, 8 de junio de 1999, etc. ) “ .

En segundo termino, a invocación feita polos reclamantes da vixencia do acordo Marco do Plan municipal de emprego ( configurada polo período 2004 –2007 ) como motivo xustificativo da indefinición do contratos de inserción supón un razoamento conclusivo carente de ningunha virtualidade xurídica , pois unha cousa e a vixencia do Plan municipal de emprego, no que se encadran distintos programas ou iniciativas acollidos dentro das distintas iniciativas estatais, autonómicas e municipais sobre fomento do emprego, e outra a duración concreta dos

*distintos contratos de inserción que se poidan formalizar para cada unha destas actuacións ou programas durante a vixencia do Plan.*

*De manterse o singular razoamento dos reclamantes habería que concluir que todo contrato laboral temporal suscrito por esta ou calquera outra administración sería automaticamente indefinido porque a vixencia do convenio laboral do persoal de plantilla e de catro, cinco ou mais anos.*

*Por último e no que atinxe ao evidente erro mecanográfico detectado na redacción da clausula terceira dos respectivos contratos , nengunha trascendencia xurídica pode ser invocada de adverso verbo desta simple errata, especialmente habida conta que, consignadas con unha claridade inequívoca nos documentos contractuais tanto as datas de inicio como de remate do vínculo laboral, pode evidenciarse indubitadamente que a súa duración era de seis meses, esto e, de 01.08.04 ata 31.01.2005, e non dun ano como erroneamente reza a clausula terceira.*

*Tal e así que a data de vencemento do vínculo laboral consignada no contrato foi igualmente notificada cos correspondentes preavisos, aínda cando estes non teñen carácter preceptivo para esta empresa senón potestativo por non ter os contratos unha duración superior a un ano*

*A maiores do exposto, no propio anexo da resolución da Consellería de asuntos sociais , emprego e relacións laborais de 18 de xuño de 2004, pola que se concede a oportuna subvención para este programa de conservación de zonas verdes constatase expresamente que a duración dos contratos sería de seis meses, datos perfectamente coñecidos polos reclamantes dende o primeiro momento da súa contratación, polo que resultaría un evidente fraude de lei pretender utilizar o que foi un manifesto erro mecanográfico como un torvo razoamento xurídico co obxecto de alcanza-la pretendida indefinición do contrato.*

*Polas razóns expostas, procede someter a consideración da Xunta de goberno local a seguinte proposta :*

*“ Desestima-las reclamacións previas á vía laboral anteriormente referenciadas en atención ao informe precedente da unidade de persoal, de 24 de febreiro de 2005, que se transcribe como parte integrante deste acordo“.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Desestima-las reclamacións previas á vía laboral anteriormente referenciadas en atención ao informe precedente da unidade de persoal, de 24 de febreiro de 2005, que se transcribe como parte integrante deste acordo.

#### **16(254).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE PROVIDENCIAS DE CONSTRINXIMENTOS SOBRE LIQUIDACIÓNS POR ACOMETIDA DE SANEAMENTO DO ANO 2002. EXPTE 02779/700.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do tesoureiro municipal, do 16.02.05, que di o seguinte:

*En sesión ordinaria de data 21 de xaneiro de 2002, na Comisión de Goberno, acordouse a seguinte resolución:*

"PROPOSTA PARA QUE SE DICTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO QUE PERMITA COBRA-LAS CANTIDADES ADEBEDADAS POR CONTRIBUINTES Á UTE SERAGUA-FCC, EXPEDIENTE 13/141".

En data 15/02/2005 e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s en datas: 02/02/2005 (documentos: nºs: 50009698, 50009699), 04/02/2005 (documento nº: 50010860), 08/02/2005 (documentos: nºs: 50012252, 50012250, 50012248), e 10/02/2005 (documentos: nºs: 50013523, 50013520, 50013518 e 50013515), pola Concesionaria do Servicio Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) dos que se achega copia.

No citado escrito, solicitábase a anulación dos recibos relacionados pola concesionaria, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre a TAXA DE ENGANCHE AS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA.

Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta de Goberno para o seu coñecemento.

DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	Nº FIXO	PRINCIPAL
RIAL FERNANDEZ, MANUEL	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900209	202759	1220,05
RIAL FERNANDEZ, MANUEL	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900211	202763	1220,05
FREIRIA PÉREZ , NEMESIO	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900315	201939	1220,05
BERNÁRDEZ GÁNDARA, MARCIAL	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900019	200688	784,32
PANADERIA MATAMA, SL	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900081	202844	1220,05
ALONSO DAVILA, CARMEN	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900148	204538	1220,05
RODRIGUEZ RIAL, MANUEL DANIEL	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900076	205712	1220,05
RODRIGUEZ RIAL, MANUEL DANIEL	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900078	205871	1220,05
CARBO ESTEVEZ, LAURA	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900447	205846	1220,05
ALONSO ALONSO, JAVIER	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900114	203264	1220,05
TRANSPORTES AUTO GALICIA	ACOMETIDA SANEAMENTO.2002	028900063	201296	1220,05
FIGUEROA FIGUEROA,	ACOMETIDA	028900446	205845	1220,05

SAUDINO	SANEAMENTO.2002			
---------	-----------------	--	--	--

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada..

**17(255).-SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBSCRICIÓN A BASES DE DATOS CON EDITORIAL ARANZADI SOCIEDAD ANÓNIMA. EXPTE 4/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do presidente do Tribunal Económico-Administrativo, do 28.02.05, conformado polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local (antes Comisión de Goberno) de data 2 de decembro de 2.002, autorizou a suscripción por dous anos prorrogables por outros dous á base de datos “Westlaw.es”, por un importe de 4.327 \_ + 16% IVE anuais, na que se inclue 5 licencias para a utilización de DVD de Aranzadi e 5 licencias adicionais para o acceso á anteriormente mencionada base de datos a través de internet con Editorial Aranzadi S.A. (A-81962201).*

*Sendo de interés o mantemento da prestación de ditos servizos, así como a súa ampliación cunha licenza de Lexislación Europea, outra para as resolucións da Dirección Xeral de Tributos e outra para o módulo “Práctico Fiscal”.*

*Dito importe imputarase á partida 1210.2200100.*

*Á vista do informe que antecede, proponse á Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:*

*Autorizar a suscripción con Editorial Aranzadi S.A. (A-81962201) por dous anos prorrogables por outros dous de dito servizo de acordo co seguinte desglose:*

- Westlaw Premium, 5 licenzas	5.427,64 € (16% IVE engadido)
- Lexislación Europea, 1 licenza	625,24 € (16% IVE engadido)
- Dirección Xeral de Tributos, 1 licenza	263,32 € (16% IVE engadido)
- “Práctico Fiscal”, 1 licenza	765,60 € (16% IVE engadido)
<b>TOTAL:</b>	<b>7.081,80 € para o ano 2.005, incrementándose nos anos posteriores co aumento do I.P.C.</b>

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(256).-GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE MARZO DE 2005.**

Visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 28.02.05, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar os gastos de locomoción do persoal municipal, para incluír na nómina do mes de marzo do 2005, que de seguido se detallan:

FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
1210	Conserxería	1.496
1212	Parque Móbil	251,60
1216	Patrimonio e Contratación	33,32
FUNCIONAL	SERVIZO	IMPORTE
2220	Seguridade	479,74
3130	Benestar Social	20,74
3220	Desenvolvemento Local e Emprego	33,49
4130	Sanidade	204,34
4220	Educación	432,99
4324	Electromecánicos	170,68
4326	Parques e Xardíns	26,52
4430	Cemiterios	94,86
4513	Museo Quiñones de León	49,98
4531	Patrimonio Histórico	360,61
5110	Vías e Obras	2.575,24
6110	Inspección de Tributos	4.037,50
TOTAL		10.267,61

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **19(257).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEMP E O CONCELLO DE VIGO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DA REDE DE INFORMACIÓN NA NORMALIZACIÓN DE EMIGRANTES. EXPTE. 11284/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 18.02.05, e de acordo co informe-proposta da xefa de Planificación de Servizos Sociais, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

*A Secretaria de Estado de Inmigración e Emigración e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), subscribiron un Convenio de Colaboración co obxecto de propiciar actuacións conxuntas relacionadas*

coa información e orientación a persoas inmigrantes, en relación co proceso de normalización previsto na Disposición Transitoria Terceira do Regulamento aprobado por Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, como paso previo para facilitar a súa integración.

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), co obxecto de impulsar as actuacións de información e orientación a persoas inmigrantes, creou unha Rede de Información e Orientación, integrada polas Corporacións Locais, como mellor estrutura organizativa da infraestrutura informativa e de orientación.

O Concello de Vigo ten sido seleccionado con outros 50 municipios de toda España como membro da futura Rede de Información e Orientación a inmigrantes citada con antelación, xa que dispón dos recursos necesarios para desenvolver as actuacións obxecto deste Acordo de Colaboración, e pode ofrecer información e orientación necesarias para facilitar o acceso ó proceso de normalización de traballadores e traballadoras estranxeiros.

Estas actividades e servicios son as seguintes,

1. Divulgación do proceso de normalización mediante actos públicos, carteis, folletos etc.
2. Servicios informativos para facilitar o proceso de normalización.
3. Servicios de traducción e interpretación, en caso necesario.

O texto proposto, que se adxunta, contempla as actividades a desenvolver e a aportación das partes, sin que o Concello asuma gasto económico ningún, sistema de xustificación, vixencia, etc, non supoñendo unha carga de traballo que non poida asumir o dispositivo creado por convenio coa Xunta de Galicia.

A cantidade que aporta a FEMP deberá ser obxecto de modificación orzamentaria por xeneración de crédito para efectuar o gasto que se acorde seguindo as instrucións da mesma.

Por todo iso proponse a esa Xunta de Goberno Local:

Aprobar o acordo de colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para a prestación dos servicios da rede de información e orientación do proceso de normalización de inmigrantes na cidade de Vigo, acatando o texto integro do mesmo, e someténdonos a todo o exposto en canto a xustificación da cantidade financiada do importe proposto pola FEMP (4.500.- €) e asumindo todo o referente á protección de datos. A vixencia do acordo rematará o 7 de maio de 2005.

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(258).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN ALDABA E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN AOS MAIORES NON DEPENDENTES. EXPTE. 11282/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 17.02.05, e de acordo co informe-proposta da xefa de Planificación de Servizos Sociais, de data 10.02.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración con Fundación Aldaba, CIF: G36631437, para a realización dun programa de atención ós maiores non dependentes no que están previstas as actividades que figuran no anexo do mesmo, que terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2005 cun custo total de 14.500,00.-€.

En Vigo 7 de marzo de 2005

#### REUNIDOS

Dunha parte:

*Ilustrísima señora Dña. Corina Porro Martínez Alcaldesa do Exmo Concello de Vigo, nomeada na sesión plenaria extraordinaria de data 13 de decembro de 2003, en representación do mesmo, según o dispoñen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local*

Doutra

*D. Tomás Merín Cañada, NIF : 1371189 F, apoderado mediante escritura outorgada ante o Notario dos de Madrid D. Emilio Garrido Cerdá en data 21 de xuño de 2000, arquivada co número de protocolo 2510, en representación da Fundación Aldaba, con CIF G82453606, con enderezo en Madrid, c/ Jardín de San Federico, 9.*

#### EXPOÑEN

1.- A Constitución, no seu artigo 39, impón a obriga ós poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias; o art.50 propón que o estado garantizara a suficiencia económica dos cidadanos durante a terceira idade. Así mesmo os art. 148.1,20 y 149.1,17: Recoge la competencia exclusiva de las CC.AA. en materia de asistencia social. e fan referencia ás competencias exclusiva do Estado sobre lexislación básica e réximen económico dos servizos sociais .

2.-A Lei 7/85, de Bases de Réximen Local, en su art. 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribuyan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

3.- A Lei 4/1993, de 14 de abril, de SERVICIOS SOCIAIS DE GALICIA no seu art. 14, define os servizos sociais para os maiores dicindo "Son servizos sociais de atención especializada para a vellez aqueles orientados á consecución do maior nivel de benestar posible á terceira idade, así como a acadala-la súa autonomía e integración social"

*Son programas propios destes servizos os de acollemento familiar de maiores, de turismo e termalismo social, as axudas técnicas e cantos outros favorezan a permanencia das persoas no seu medio, a súa autonomía persoal e participación activa na vida."*

4.- A Fundación Aldaba é unha entidade sin ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar de conformidade co establecido no ordenamento xurídico.

*Según consta nos estatutos de dita Fundación, Rexistrada pola Subdirección Xeral de Fundacións e entidades tuteladas, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, con data 15 de setembro de 1999, no seu artigo 5.- 1.- a*



Fundación Aldaba ten por obxecto “propiciar a xeneración de novos recursos e servizos e cantas demáis accións redunden no beneficio do desenvolvemento dos Sistemas de Servizos Sociais e o benestar dos cidadáns”.

5.- No artigo 5.2.-B.- di que a Fundación entre outros fins prevé : “colaborar con cantas Entidades, Públicas ou Privadas desenvolvan actividades relacionadas cos fins da Fundación, con especial esforzo na colaboración cos Sistemas Públicos de Servizos Sociais e Sanitarios na implantación e extensión de políticas compensatorias e de igualdade e en procesos de ampliación e mellora de servizos e elevación da calidade asistencial.”

6.- O concello de Vigo reconece á Fundación Aldaba, a súa capacidade para a realización do proxecto , demostrado nas accións desenvolvidas con anterioridade dentro do mesmo, e trala valoración técnica realizada por aquel.

e según o manifestado con anterioridade, recoñecendo expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo de convenio, acordan suscribir o presente dacordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### Condicións Básicas:

Primeira : Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización dun proxecto de intervención con PERSOAS MAIORES NON DEPENDENTES según consta detallado no anexo

Segunda : Finalidade – A finalidade do convenio é desenvolver as accións que compoñen o proxecto (citadas no anexo), inicialmente ata o 31 de decembro de 2005.

Terceira : Funcións - A Fundación Aldaba será a encargada de organizar, desenvolver, avaliar, e cantas outras accións sexan necesarias para a realización das accións motivo do convenio, sempre baixo a supervisión técnica do departamento de Benestar Social.

Será función do concello de Vigo aportar os recursos financeiros que se sinalan, supervisar o cumprimento dos fins do proxecto, e facilitar a realización das accións motivo do convenio. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a través da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula oitava.

Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do proxecto TODAS AS PERSOAS MAIORES NON DEPENDENTES DA CIDADE, ben directamente ou a través das asociacións de maiores existentes na cidade.

Quinta : Duración - A vixencia do convenio será ata o 31 de decembro de 2005 e dende o o momento da sinatura.

Sexta : Condicións económicas – As condicións económicas que se asumen para a posta en marcha do presente proxecto serán por un importe total de 14.500.- euros, con cargo á partida 3130/2260804, de Benestar Social.

O prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún.

Sétima : Relación contractual - la firma del presente convenio no supondrá relación contractual alguna del personal encargado de la organización, desarrollo o cualquiera otra tarea del proyecto, con la administración municipal, correndo a Fundación Aldaba coa concertación do seguro de responsabilidade civil .

Oitava : Seguimento e avaliación – Como mecanismo de séguimento, denuncia e solución de controversias do convenio, nomease unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte firmante.

Novena : Difusión do proxecto - A difusión do proxecto será por conta exclusiva do Concello de Vigo, excepto o que se indica na cláusula décimo terceira.

Décima : Avaliación e control do proxecto - a entidade que desenvolve o proxecto, facilitará o acceso dos profesionais do Concello de Vigo ás mesmas, para un maior control do proceso.

A Fundación Aldaba comprométese a facer avaliación e memoria de cada unha das accións motivo de convenio, así como unha memoria e avaliación final.

Undécima : - Polo presente Convenio, a Fundación Aldaba, comprométese a:

a – Desenvolver as actividades, proxectos ou accións que se especifican no anexo, atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar polas partes, mediante a Comisión de Seguimento e según as prioridades marcadas dende o Concello de Vigo.

b – Dispor os medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas.

c - Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros en lo que respecta a personal, publicidade, seguros, alugueiro, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio, e según se especifica no anexo.

d - Presentar ao Concello informes do desenvolvemento das accións, de avaliación e un informe de avaliación final completo.

e - Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do proxecto, sempre dacordo coas orientacións xerais da Comisión de Seguimento.

f – Dispor os medios para que toda as actividades desenvolvidas contén cos seguros, persoal titulado, etc. cara a súa correcta execución.

g - A redacción de textos, material gráfico e outro material escrito, así como dos contidos das actividades concretas que o compoñen.

h - Atender as indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.

i - Participar nas reunións de coordinación marcadas, e a petición do persoal técnico do

Duodécima: - O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

a – Garantizar a prestación axeitada ás actividades e servizos motivo de convenio, como responsable último de todo o proxecto.

b – Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións

c – Dispor os medios económicos establecidos no presente convenio.(14.500 €)

d.- Dotar de local e medios materiais para a realización das actividades.

#### *Normas Complementarias:*

Decimoterceira: - A pesar de que toda a difusión das actividades deberá ser realizada polo Concello, poderá ser exceptuada aquela que, de maneira puntual, sexa decidida pola Comisión de Seguimento.

Decimocuarta: - Todos os materiais e instrumentos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto serán aportados pola entidade que desenvolve as accións, Fundación Aldaba, excepto nos casos nos que sexa o Concello o que realice dita aportación, e como acordo entre as partes.

Decimoquinta: - O Concello de Vigo será o interlocutor con calquera asociación, institución, administración ou entidade nos contactos que resulten do proxecto. Así mesmo, calquera realización conxunta de actividades ou colaboracións con terceiros, deberá contar co visto e prace da Comisión de Seguimento.

Acordos para resolucións, cancelación ou renovación:

Decimosexta - Como norma última, será o Concello o que teña a capacidade de decisión definitiva no referente ao presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Decimoséptima – O incumprimento do especificado nas cláusulas, poderá ser motivo de cancelación da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

De ser a Fundación Aldaba a que non cumprira o acordado, suporá a cancelación dos pagos pendentes. No caso de non executarse actividades e haberse librado por adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma á entidade financiadora, no momento da cancelación.

Presuposto, pago e xustificación:

Decimooitava – O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden, por un importe total de 14.500.- euros, con cargo á partida 3130/2260804, de Benestar Social do presuposto vixente.

Decimonovena - o prezo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento algún. Polo que respecta ás cantidades destinadas a cada acción, ás que se fai referencia no anexo, poderán ser modificadas por acordo da Comisión de Seguimento e sin que supoña, en ningún caso, incremento do prezo total indicado.

No caso de que outras entidades acorden participar do proxecto, facendo aportación económica ou doutro tipo, deberán asinar un protocolo de colaboración coas entidades firmantes do presente convenio, si dita aportación afecta ao desenvolvemento do mesmo. Caso de non afectar de forma sustancial a éste, serán entendidas como unha contribución extraordinaria, regulada ao marxen do presente convenio.

Vixésima – Con referencia ao pago das cantidades acordadas, o Concello de Vigo, en calidade de entidade financiadora, abonará á entidade prestadora do servizo (Fundación Aldaba) en catro prazos:

Primeiro de 7.300 euros será abonado á sinatura do convenio

Segundo, de 3.600 , será tramitado no mes de maio 2005

Tercer pago, por importe de 1.800.-euros , será tramitado no mes de setembro

Cuarto pago por importe de 1.800 euros restante se abona no mes de decembro ao termino de vixencia do Convenio

Vixésimoprimeira - a xustificación do gasto farase mediante a presentación das facturas e xustificantes por parte da entidade executora (Fundación Aldaba) ao Concello de Vigo, ao persoal técnico designado como responsable do proxecto.

Coa presentación das ultimas factura, a Fundación Aldaba aportara a memoria da actividades realizada durante a vixencia do convenio e para o su abono se aña a certificación acreditativa do remate do convenio, asignada pola tecnico responsable do seguimento.

Vixencia:

Vixésimosegunda - O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha duración ata o 31 de decembro de 2005.

De acordarse a continuación da colaboración entre as entidades firmantes no proxecto motivo da sinatura do presente convenio,(Programa de maiores) solo será preciso a redacción, trámite, aprobación e sinatura dun novo convenio, en caso de que se afecte aos contidos do presente de forma significativa. De non ser así, e continuar desenvolvendo actividades do programa de maiores, bastará coa sinatura dunha addenda tras ser realizados os trámites administrativos necesarios.

Acordo final:

Vixésimo terceira - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Aldaba, poderá ter algunha ampliación nos contidos, persoal asistente, etc., de acordarse así polos firmantes a través da Comisión de Seguimento. Deberá facerse constar nun anexo, informado debidamente polos técnicos competentes das entidades, e sin que supoña aumento das cantidades conveniadas ou modificación dos contidos fundamentais de aquél. Todo elo sin que sexa precisa a sinatura dun novo convenio, excepto no especificado na cláusula vixésimo segunda.

Estando de acordo as partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de febreiro de 2005.

## **21(259).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS NAS PRAIAS. EXPTE. 3170/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 7.03.05, que di o seguinte:

O mércores 9 de febreiro de 2005, publicáronse no Boletín Oficial de Pontevedra, no número 27, as “Bases reguladoras das subvencións ás entidades locais para a dotación dos servizos básicos ás praias 2005”

O Municipio de Vigo conta con vinte e cinco praias das que se solicitan a declaración de zona de baño habilitada segundo decreto 240/2000. A estas praias contróláselles a calidade da auga de baño semanalmente durante a temporada de baño.

Este ano solicitamos a concesión de Bandeiras Azuis para sete delas. Algunhas teñen deficiencias por ausencia ou mala conservación de servizos hixiénicos (minusválidos), accesos, perda de area, etc.

Son obxecto de axudas para servizos básicos nas praias os investimentos realizados en equipamentos para o mantemento das praias nas debidas condicións de hixiene e seguridade: duchas, puntos de auga potable, torres de vixilancia, megafonía para a advertencia de perigo, balizaxes para separación de zonas de baño, sinalización adecuada de servizos básicos e accesos, maquinaria de limpeza e demais equipamentos necesarios para este fin, segundo estipula a terceira das bases reguladoras no seu apartado 3.1.

Considerando que a terceira das bases reguladoras no seu apartado 3.2 dispón que “as axudas económicas poderán acadar o 75 por 100 do investimento realizado, ata un máximo de trinta e seis mil sesenta e un euros (36.061 euros) por proxecto” e o Concello de Vigo podería aportar a cantidade restante, proponho solicitar subvencións para os seguintes proxectos:

1. Proxecto de rehabilitación da praia do Vao
2. Proxecto de instalación de servizos hixiénicos na praia de Canido
3. Proxecto de mellora do acceso da praia de Teis
4. Proxecto de mellora dos servizos hixiénicos de Samil
5. Proxecto de compra de equipos de limpeza

Polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Acollerse ás “Axudas ás entidades locais para dotación de servizos básicos ás praias 2005” de acordo coas bases publicadas no Boletín Oficial de Pontevedra nº 27, do mércores 9 de febreiro de 2005, co obxecto de proceder á mellora dos servizos básicos das praias, de acordo cos proxectos presentados por orde de prioridade para as praias para as que se solicita Bandeira Azul, e comprométese a realizar esta actuación, no caso de ser concedida, aportando o Concello a parte correspondente das seguintes partidas:

4533.601.00.00 Mellora de acceso ás praias

4533.210.00.00 Mantemento en praias

4533.227.06.00 Estudos previos e proxectos

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda acollerse ás Axudas ás entidades locais para dotación de servizos básicos ás praias 2005 tal e como se recolle na proposta contida no precedente informe.

#### **22(260).- SOLICITUDE DA A.VV. SAN MIGUEL DE OIA DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DUN CONCERTO DE ROCK NO TORREIRO DE OS LIÑARES O DÍA 12.03.05. EXPTE. 70685/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de D. Iván Martínez Hombre e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.02.05, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á A.VV. SAN MIGUEL DE OIA, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración do CONCERTO DE ROCK, o 12 de marzo de 2005 no torreiro de Os Liñarez, sn San Miguel de Oia, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

**23(261).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Lucía Molares Pérez.